



PRESENTACIÓN DA *GUÍA PARA A INSTITUCIONALIZACIÓN DA APRENDIZAXE-SERVIZO* NA UNIVERSIDADE



Presentación da Guía no Salón Reitoral da Universidade de Santiago de Compostela.

O pasado mércores, 31 de outubro, presentouse no Salón Reitoral da Universidade de Santiago de Compostela o libro *Guía para a institucionalización da aprendizaxe-servizo na universidade (A guide for the Institutionalization of Service Learning at University Level)*, editado baixo a coordinación dos profesores do Grupo de Investigación ESCULCA, Miguel A. Santos Rego e Mar Lorenzo Moledo. No acto, presidido pola Sra. Vicerreitora de Comunicación, Cultura e Servizos, participaron a Vicerreitora de Organización Académica, os editores, e o director do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (SPIC), Juan L. Blanco Valdés.

O propósito da guía é o de orientar, ademais de informar, acerca dun produto que, mediante o correspondente formato e soporte divulgativo aspira a facilitar un curso de acción cultural, académico ou mesmo profesional. E a súa calidade devén en indicador de bo facer.

Precisamente por iso, se referimos, como é o caso, unha guía de institucionalización da aprendizaxe-servizo na universidade, suponse que o que se pretende non ha de afastarse dunha secuencia ben ordenada de pasos a dar, ou de medias a considerar, para a indución e sistemático desenvolvemento (sustentable no tempo) desta metodoloxía educativa.

Do que se trata é de proporcionar un marco de innovación pedagóxica na variada paisaxe da educación superior, axustable segundo áreas e disciplinas, pero cun denominador común, vincular teoría e práctica, facendo que os/as estudantes identifiquen necesidades ás que han de saber dar resposta desde a súa condición de aprendices que son capaces de reflexionar e acordar vías de implicación para a solución de problemas existentes no seu contexto de vida.

A presente Guía deriva do traballo de investigación desenvolvido por un equipo de seis universidades españolas –Universidade da Coruña (UDC), Universidad Complutense de Madrid (UCM), Universidad de Córdoba (UCO), Universidad de Navarra (UNAV), Universidade de Santiago de Compostela (USC) e Universitat de València (UV)– baixo a coordinación da USC, no marco do proxecto *Aprendizaje-servicio e innovación en la universidad. Un programa para la mejora del rendimiento académico y el capital social de los estudiantes* (EDU2013-41687-R/BOE del 1/08/2014), cuxa finalidade principal foi a validación dun modelo de institucionalización da metodoloxía de aprendizaxe-servizo na universidade (ver www.usc.es/apsuni).

Evidentemente, unha guía desta natureza non pon o peche epistémico a un programa nin canoniza a súa implementación pois, ao contrario, ha de contribuír a alargar as pistas de conexión entre universidade e comunidade, sempre pensando na real optimización da aprendizaxe do alumnado, por máis que o seu empeño sexa evitar confusións sobre o que é aprendizaxe-servizo e o que se fai pasar por tal sen selo. E aí é onde cremos que pode radicar a funcionalidade da nosa proposta.

Miguel A. Santos Rego
Mar Lorenzo Moledo
GI ESCULCA
Universidade de Santiago de Compostela

SUMARIO

PÁXINA 1

Editorial

PÁXINA 2

Experiencia Educativa

PÁXINA 5

Experiencia
Investigadora

PÁXINA 8

Accións da Rede RIES

PÁXINA 14

Próximos Congresos

PÁXINA 16

Novidades Editoriais

PÁXINA 18

Novidades Legislativas

ISSN 2445-3781



EXPERIENCIA EDUCATIVA

Experiencia educativa sobre a aprendizaxe autorregulada en estudantes de Educación Primaria

INTRODUCCIÓN

Desde o GIPED (Grupo de Investigación en Psicología Educativa) presentamos unha experiencia de aprendizaxe pensada para traballar a aprendizaxe autorregulada en estudantes de Educación Primaria en función do seu rendemento académico.

A aprendizaxe autorregulada é entendida como “proceso activo, no cal, os suxeitos establecen os obxectivos que guían a súa aprendizaxe tentando monitorizar, regular e controlar a súa cognición, motivación e comportamento coa intención de alcanzalos” (Cueli, García, e González-Castro, 2013, p. 40). Así, o propósito último da aprendizaxe autorregulada consiste, por unha banda, en que o alumnado sexa cada vez máis autónomo, e, por outro, no establecemento de metas para o logro de obxectivos por parte dos estudantes.

Segundo o modelo estrutural da aprendizaxe autorregulada de Pintrich (2000), o estudante é o protagonista do devandito proceso nas áreas cognitiva, motivacional, comportamental e contextual e nas fases de planificación, supervisión, revisión e avaliación. Cada unha das fases e das áreas que se contemplan no modelo estrutural de autorregulación de Pintrich correspóndese con diferentes estratexias de aprendizaxe.

No relativo ás fases de planificación, supervisión, revisión e avaliación, todas elas consistirían en estratexias metacognitivas. A metacognición é o coñecemento sobre o coñecemento, é dicir, a conciencia que cada individuo ten do seu propio coñecemento e de todo aquilo que resulta relevante para o rexistro, almacenamento e recuperación de información (Rodríguez, Val, e Núñez, 2014). Suárez e Fernández (2004) profundan un pouco máis no concepto, matizando unha segunda dimensión: a metacognición non só se refire ao coñecemento da cognición, senón tamén ao seu control e regulación. Por tanto, en palabras de Rodríguez et al.

(2014), a metacognición caracterízase “polo seu contido [...] e pola función de control que o suxeito exerce sobre a súa propia actividade cognitiva e sobre o comportamento que se desprega” (p. 23). A metacognición convértese así nun ingrediente fundamental para exercer un mellor control sobre o desempeño dunha actividade (Rodríguez et al., 2014). A idea de Pintrich é que os estudantes mellorarían a súa aprendizaxe na medida en que se fagan conscientes do seu propio pensamento mentres estudan, fan deberes ou elaboran un traballo.

OBXECTIVOS

Atendendo ás premisas que se presentan na introdución, xorden dúas preguntas ás que se tenta dar resposta:

1. Cales son as principais diferenzas no uso de estratexias de aprendizaxe autorregulada entre os estudantes de alto e baixo rendemento académico?
2. Como poden mellorarse estas disparidades dentro das aulas de Educación Primaria?

En primeiro lugar, propónse observar os comportamentos concretos que os estudantes de primaria levan a cabo ao enfrontarse a unha tarefa para determinar as diferenzas primordiais a nivel de autorregulación entre alumnos de alto e baixo rendemento académico. En segundo lugar, búscase poñer en práctica un instrumento que axude a obter información e a avaliar o uso de estratexias de autorregulación da aprendizaxe por parte dos aprendices. Por último, tamén se expón identificar aqueles comportamentos e estratexias que levan ao alumnado a alcanzar o éxito escolar para que poidan fomentarse nas aulas.

A realización de calquera destas tarefas desde a perspectiva da aprendizaxe autorregulada precisaría seguir as estratexias metacognitivas que propón o modelo de Pintrich (2000). A primeira sería a de planificación e consistiría no establecemento do plan de acción que se vai a seguir para desenvolver o proceso de

aprendizaxe; inclúe desde o establecemento de metas ata a activación das percepcións e coñecemento da tarefa e o contexto, así como a percepción de autoeficacia. A segunda estratexia, a de supervisión, radica en diferentes procesos de monitoraxe da aprendizaxe que evidencian a conciencia metacognitiva que ten o individuo sobre a súa actuación, sobre o contexto e sobre a tarefa. A terceira, moi estreitamente relacionada coa anterior, consistiría na revisión do proceso de estudo, o que implicaría unha serie de esforzos deliberados dirixidos a controlar e regular as estratexias de aprendizaxe empregadas. A cuarta e última sería a estratexia de avaliación, coa que o suxeito valoraría todo o proceso de aprendizaxe, desde a súa actuación ata o contexto e a tarefa, resultando en distintas reaccións. Tal e como indica Pintrich (2000), estas fases ou estratexias metacognitivas representan unha secuencia de tempo ordenada, pero isto non quere dicir que se atravesen de maneira lineal. Cada estudante enfrontase a unha tarefa de maneira diferente aos seus compañeiros, pode dedicar máis tempo a unhas fases que a outras, ir de adiante a atrás, etc. A única premisa é que as fases iniciais sempre ocorren antes que as máis tardías. Dentro de cada unha destas fases, os aprendices empregan outro tipo de estratexias de aprendizaxe relacionadas coas catro áreas da aprendizaxe autorregulada (Pintrich, 2000, Suárez e Fernández, 2004): as estratexias cognitivas, que incluírían procedementos como o establecemento de metas ou a conciencia metacognitiva; as estratexias motivacionais, que permitirían, por exemplo, emitir e axustar xuízos de autoeficacia ou seleccionar estratexias para manter o interese ou a motivación; as estratexias comportamentais, que axudarían aos estudantes a regular a demanda de axuda

EXPERIENCIA EDUCATIVA

Experiencia educativa sobre a aprendizaxe autorregulada en estudantes de Educación Primaria.

ou a organizar o tempo que lle dedican a unha tarefa; e as estratexias de xestión de recursos, que contribuirían a construír percepcións sobre a actividade e o seu contexto.

METODOLOXÍA

Esta experiencia preséntase para nenos e nenas do último ciclo de Educación Primaria, con idades comprendidas entre os 10 e os 12 anos, seleccionando aqueles que teñen un rendemento académico alto e aqueles cun rendemento académico baixo.

A metodoloxía céntrase na utilización de catro instrumentos diferentes, que xa foron validados polo Grupo de Investigación en Psicoloxía Educativa (GIPED) da Universidade da Coruña.

- Material de lectura: para comprobar o uso de estratexias metacognitivas e de aprendizaxe do alumnado ofrécense un texto e unha pregunta sobre o mesmo que deben contestar. O texto empregado, "A evolución das especies: un gran descubrimento", versa sobre a teoría da selección natural das especies de Darwin, un contido de certa dificultade para os estudantes de 5º e 6º de Educación Primaria. Elaborouse desta maneira para poder observar un maior rexistro de estratexias. Para facilitar a súa comprensión incorporáronse elementos visuais e dividiuse o documento en cinco epígrafes, dos cales só un era necesario para contestar a pregunta. Ao mesmo tempo, para non dificultar a resposta á pregunta proposta, expúxose unha de opción múltiple con tres alternativas. A pesar diso, mantivéronse algúns termos complexos e información irrelevante para examinar o comportamento dos suxeitos durante a lectura. Tamén se dividiu o texto en dúas follas para comprobar se revisaban o material antes de empezar a ler, situando estratexicamente a pregunta ao final do documento.

- Entrevista semiestructurada: consta dun total de 13 preguntas que se formulan ao suxeito en tres momentos diferentes. Primeiro expónselle, antes de iniciar a actividade, cuestións sobre a dificultade da tarefa, o grao de interese que lle suscita, a autoeficacia percibida, as sensacións que lle transmite ou o plan de traballo. Estas mesmas preguntas repítense nalgún momento durante o desenvolvemento do exercicio para detectar posibles modificacións en dimensións como o estado de ánimo, as crenzas sobre o nivel de dificultade, adaptacións no plan inicial de traballo, etc. Algúns exemplos de preguntas son: Como te sentes? Como te sentes agora? Como pensaches facelo? Que estás a facer agora? Ao finalizar a tarefa de lectura pregúntaselle sobre a complexidade da tarefa, a percepción de éxito, o seu estado anímico ao longo da actividade, as dificultades que puido experimentar e o que fixo para completar ao exercicio.

- Ficha de observación: emprégase unha folla para recoller toda a información procedente do proceso de observación do alumnado. Nela contéplanse un total de 38 ítems que fan referencia ás catro fases do modelo estrutural de autorregulación da aprendizaxe, é dicir, á planificación, supervisión, revisión e avaliación da tarefa.

- Pegadas de estudo: para ter un rexistro dalgunhas das estratexias empregadas polos estudantes ofrécense material co que puidesen seleccionar, organizar ou elaborar a información que considerasen significativa. Coa revisión dos seus documentos de traballo púidose constatar o esforzo dalgunhas alumnos por empregar estas estratexias e técnicas como o subliñado.

CONCLUSIÓNS

Sobre a relación entre o comportamento autorregulado dos estudantes e o seu maior ou menor rendemento

académico xa se teñen atopado indicios máis que relevantes, de igual modo que sobre o uso de estratexias utilizadas polos escolares. Pero sobre o ensino de estratexias de autorregulación da aprendizaxe aínda se pode profundar moito e é que, a pesar de investigacións como a de Kistner et al. (2010), demostrouse que os alumnos daqueles profesores que promoven nas súas clases de maneira implícita e/ou explícita estratexias de aprendizaxe ou que fomentan ambientes.

Por que un alumno clasificado como de baixo rendemento é o que maior nivel de autorregulación demostra? Por que tantos suxeitos do grupo de alto rendemento fracasan á hora de contestar á pregunta? A resposta a estas preguntas non debe buscarse unicamente nos aprendices, senón de maneira exhaustiva nesas contornas de aprendizaxe recentemente mencionadas.

Para Valle et al. (2009) existen dúas formas complementarias de promover a aprendizaxe significativa e autorregulada: "mellorando a forma na que os estudantes procesan a información (é dicir, as estratexias de aprendizaxe e autorregulación) e mellorando a forma na que se presentan os materiais (é dicir, os métodos instrucionais)" (p. 38). En calquera caso, este labor debe ser desempeñado polos mestres, tanto os titores como os profesores das materias específicas, se se aspira a que os alumnos valoren estas estratexias como positivas e as máis aptas para aprender e demostrar o aprendido.

Así mesmo, resulta de especial relevancia a procura e deseño de instrumentos para que os propios docentes poidan avaliar o nivel de autorregulación dos seus estudantes e deste xeito comprobar que tipo de estratexia lle convén desenvolver a cada un deles, pois non debe esquecerse que nesta investigación, do mesmo xeito que noutras, observouse que, mentres os estudantes de alto rendemento se esforzan máis na fase

EXPERIENCIA EDUCATIVA

Experiencia educativa sobre a aprendizaxe autorregulada en estudantes de Educación Primaria.

de planificación, os de baixo fano máis na de execución e, a nivel motivacional, os nenos do primeiro grupo amosan maior confianza nas súas posibilidades que os segundos, salvo excepcións. Por elo, un profesor debe saber que e como ensinar sobre autorregulación, pero tamén a quen ensinar cada estratexia.

BIBLIOGRAFÍA

- Cueli, M., García, T., e González-Castro, P. (2013). Autorregulación y rendimiento académico en matemáticas. *Aula abierta*, 41(1), 39-48.
- Kistner, S., Rakoczy, K., Otto, B., Dignath-van Ewijk, C., Büttner, G., e Klieme, E. (2010). Promotion of self-regulated learning in classroom. Investigating frequency, quality and consequences for students performance. *Metacognition and Learning*, 5(2), 157-171.
- Pintrich, P. R. (2000). The role of goal orientation in self-regulated learning. En M. Boekaerts, P. R. Pintrich, e M. Zeidner (Eds.), *Handbook of self-regulation* (pp. 452- 502). San Diego, CA: Academic Press.
- Rodríguez, S., Valle, A., e Núñez, J. C. (2014). *Enseñar a aprender: estrategias, actividades y recursos instruccionales*. Madrid: Ediciones Pirámide.
- Suárez, J. M., e Fernández, A. P. (2004). *El Aprendizaje Autorregulado: variables estratégicas, motivacionales, evaluación e intervención*. Madrid: Cuadernos de la UNED.
- Valle, A., Rodríguez, S., Cabanach, R. G., Núñez, J. C., González-Pienda, J. A., e Rosário, P. (2009). Diferencias en rendimiento académico según los niveles de estrategias cognitivas y de las estrategias de autorregulación. *SUMMA Psicología*, 6(2), 31-42.

Bibiana Regueiro Fernández

GI GIPED

Departamento de Psicología

Universidade da Coruña

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Formación e inserción socio-laboral dos graduados en Pedagogía. Das expectativas á realidade

INTRODUCCIÓN

A continuación, preséntase a investigación realizada no marco da Tese Doutoral *Formación e inserción socio-laboral dos Graduados en Pedagogía. Das expectativas á realidade*, dirixida polo profesor Miguel A. Santos Rego. Este traballo xorde á vez que o desexo de aprender máis sobre o tema fundamental que a define (a inserción laboral dos titulados en Pedagogía), xunto á idea de deseñar liñas teóricas e metodolóxicas que favorezan a toma de decisións sobre o título a nivel estatal e, concretamente, no Sistema Universitario de Galicia (SUG).

No fondo dun tema como o que se examinou hai máis que unha análise de resultados sobre unha determinada titulación. Hai tamén unha filosofía da educación que entende a universidade desde a súa elevada responsabilidade formadora e, por tanto, ao servizo da formación e a aprendizaxe como procesos de construción humana ante os enormes retos das sociedades actuais.

OBXECTIVOS

Os obxectivos de partida relaciónanse cos dous eixes da tese. Por unha banda, a teoría que sustenta e define o proceso de inserción laboral dos egresados universitarios. E por outro, o modo en que se concreta dito proceso para os titulados en Pedagogía nun contexto como o de Galicia, onde tales estudos só se imparten na Universidade de Santiago de Compostela. Así pois, é na conxunción dos anteriores elementos onde concretamos os nosos obxectivos:

1. Analizar as claves históricas da formación e inserción sociolaboral dos graduados en Pedagogía en España, xunto aos países europeos con máis tradición do título.
2. Realizar un estudo psicométrico das escalas que compoñen os cuestionarios de inserción laboral de estudantes e egresados do Grao en Pedagogía.
3. Coñecer a percepción e grao de satisfacción de estudantes e graduados en Pedagogía coa formación recibida.
4. Analizar a contribución da formación en Pedagogía á inserción laboral dos graduados.
5. Estudiar as expectativas dos estudantes do Grao en Pedagogía respecto do seu futuro.
6. Comprobar se existe relación entre as competencias específicas do Grao en Pedagogía e a adecuación ao posto de traballo.
7. Estudiar o nivel de coñecemento dos recursos de busca e acceso ao emprego, así como o grao de utilización dos mesmos.

8. Fundamentar, científica e profesionalmente, a toma de decisións sobre o título de Grao en Pedagogía.

MÉTODO

Xa que nos achegamos á realidade con fins principalmente exploratorios e descritivos, partimos dunha metodoloxía de carácter cuantitativo cuxos datos foron obtidos mediante a utilización de cuestionarios. Concretamente, un dirixido a estudantes de último curso do Grao en Pedagogía, e outro dirixido a egresados.

Os cuestionarios incluían datos sobre os titulados en Pedagogía desde o último ano dos seus estudos (4º curso) ata os cinco anos posteriores a concluílos. Por tanto, podemos afirmar que o traballo realizado responde ao que se denomina estudo lonxitudinal.

Con todo, triangulamos os datos recollidos mediante a aplicación dos cuestionarios coa información obtida a través dun grupo de discusión realizado con empregadores e responsables de organizacións nas que traballan titulados en Pedagogía. É así como o estudo adquiriu tamén unha tinguidura de corte cualitativo, proxectando a investigación segundo un enfoque metodolóxico mixto.

RESULTADOS

Este traballo permitiunos analizar unha serie de cuestións vinculadas á empregabilidade dos graduados en Pedagogía pola Universidade de Santiago de Compostela. Nestes termos, observamos estudos que achegan información relevante sobre a situación laboral dos pedagogos e pedagogas (ACUSG, 2016; ANECA, 2004; Jiménez, 2007; Ruiz de Miguel e García de la Barrera, 2013; Ventura e Martínez Olmo, 2007), aínda que na súa maioría non contemplan o Espazo Europeo de Educación Superior, de aí a relevancia do noso estudo.

Atendendo aos nosos resultados, atopámonos cun alumnado que, na súa maioría, accedeu vocacionalmente aos seus estudos, a pesar de que exista unha alta porcentaxe que os escolle como unha segunda opción. Con todo, a opinión do alumnado varía a medida que o grao se consolida na Facultade de Ciencias da Educación, feito que sen dúbida contribúe a resolver un dos principais obstáculos identificados por alumnos e egresados, a saber, a escasa definición das saídas profesionais asociadas ao título. Con todo, o alumnado que cursa o título móstrase satisfeito coa formación recibida, sendo moitos os que volverían cursar os mesmos estudos.

Unha vez concluíron os seus estudos, son poucos os graduados que se encontran traballando, polo menos no seu primeiro ano de egreso, o que os anima a continuar a súa

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Formación e inserción socio-laboral dos graduados en Pedagogía. Das expectativas á realidade

traxectoria académica buscando, sobre todo, una maior especialización a través de estudos de mestrado.

A escasa empregabilidade destes titulados presenta un forte compoñente estrutural, ligado directamente ao recoñecemento social do pedagogo como profesional. Tanto graduados como empregadores coinciden en que o recoñecemento social constitúe un dos factores que máis afecta a este profesional, demandando unha maior implicación do contexto, fundamentalmente académico, pero tamén laboral, en aras ao establecemento como propios daqueles ámbitos profesionais para os que se está formando.

No caso dos que si atopan emprego, as súas relacións contractuais baséanse na temporalidade, traballando por horas ou a tempo parcial. Con todo, e a pesar de que, como xa sinalamos, o da educación sexa o ámbito que máis graduados emprega, tamén as funcións desenvolvidas parecen corresponderse co propio do pedagogo/a.

Pola contra, a universidade incidiu sobre outros aspectos que demostran contribuír á empregabilidade dos seus graduados. En concreto, aqueles vinculados ao propio desenvolvemento persoal, pero tamén a competencias como a adaptación a novas contornas, traballo en equipo, resolución de problemas e asunción de responsabilidades. Trátase de competencias que, polo seu carácter transversal, son fundamentais no desenvolvemento profesional. A estas, os graduados suman aquelas de carácter máis específico, valorándoas moi positivamente en termos de utilidade para o seu actual emprego.

Ao mesmo tempo, estudantes e egresados insisten na escasa contribución da universidade no desenvolvemento de certos elementos que teñen por verdadeiras dificultades para a súa inserción laboral. Así, a falta de información e formación específica, vinculadas directamente á educación universitaria, son as dúas dificultades máis sinaladas polo alumnado e sobre as que, pola súa natureza, cabería esperar unha proposta da institución. Pola súa banda, a falta de experiencia laboral constitúe a terceira dificultade con máis influencia na empregabilidade. É polo que se espera da universidade un aumento dos seus vínculos co tecido empresarial, axudando ao alumnado para adquirir experiencia acreditada que aumente as súas posibilidades de acceso a un posto de traballo.

Débase agregar tamén que o acceso a determinados recursos que coadxuvan á vinculación do estudante co seu futuro profesional volveuse imprescindible, máis aínda se consideramos as actuais lóxicas de filtración e contratación de titulados. En concreto, os resultados amosan unha correlación

significativa entre a situación laboral e tres dos recursos de acceso ao emprego, os contactos persoais, internet e as Empresas de Traballo Temporal (ETT); recursos que xa no seu momento recoñeceron ter utilizado os egresados con maior intensidade. Noutras palabras, a maior uso destes recursos, maiores son as posibilidades de acceder a un posto de traballo.

Así, unha concreción maior das relacións entre política educativa e política de emprego supoñerá un beneficio na formación dos profesionais do futuro. Dun lado, establecendo mecanismos que permitan ás empresas trasladar as súas necesidades ás universidades, xerando así novos eixes de investigación. E doutro, axustando a aprendizaxe ás esixencias reais do sector produtivo, formando profesionais nun marco sólido e coherente coas demandas que se derivan das necesidades do mercado de traballo.

CONCLUSIÓNS

No acceso ao emprego resulta de vital importancia a información e orientación por parte da universidade, tanto na etapa educativa como profesional, dun modo continuo, permitindo a estudantes e profesionais, en calquera momento das súas vidas, identificar as súas capacidades, competencias e intereses, así como adoptar decisións educativas, formativas e ocupacionais.

É necesario redeseñar un título con sentido pleno, non só no seu contexto académico singular, senón no conxunto da educación superior. Foi a falta de recoñecemento profesional unha problemática constante para pedagogas e pedagogos no tecido social. O noso enfoque non é o dunha educación supeditada ao mercado de traballo, pero o que non podemos esquecer é que os graduados esperan que a súa universidade proporcionelles as ferramentas necesarias para afrontar unha das etapas máis complexa das súas vidas, a transición á vida activa.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ACSUG. (2016). *Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2011-2012*. Santiago de Compostela: Autor.
- ANECA. (2004). *Libro Blanco. Título de Pedagogía y Educación Social*. Madrid: Autor.
- Jiménez, A. (2007). Aproximación a un diagnóstico comprensivo sobre la formación y la inserción laboral en la titulación de Pedagogía de la UPSA. *Papeles Salmantinos de Educación*, 8, 95-117.

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Formación e inserción socio-laboral dos graduados en Pedagogía. Das expectativas á realidade

- Ruiz de Miguel, C., e García de la Barrera, M. J. (2013). Inserción laboral de los Licenciados en Pedagogía de la Universidad Complutense de Madrid (2006-2012): Cómo, dónde, y cuánto tardan en colocarse los pedagogos. En M. C. Cardona, E. Chiner, e A. V. Giner (Eds.), *Actas del XVI Congreso Nacional/II Internacional: Modelos de Investigación Educativa* (pp. 1206-1213). Alicante: Asociación Interuniversitaria de Investigación Pedagógica (AIDIPE).
- Ventura, J., e Martínez Olmo, F. (2007). Inserció laboral i empleabilitat en el marc de l'Espai Europeu d'Educació Superior: el cas de la Facultat de Pedagogia de la Universitat de Barcelona. *Temps d'Educacio*, 32, 99-117.

Jesús García Álvarez

GI ESCULCA

Departamento de Pedagogía e Didáctica

Universidade de Santiago de Compostela

ACCIÓNS DA REDE RIES

CURSOS, SEMINARIOS E CONGRESOS

ORIENTACIÓN, TITORÍA E CONSTRUCCIÓN DA IDENTIDADE LIBRE DE ESTEREOTIPOS DE XÉNERO


Online, Curso 2018-2019

As profesoras M^a José Méndez Lois, Felicidad Barreiro Fernández e Rosario Castro González, xunto á investigadora predoutoral Milena Villar, puxeron en marcha o curso “Orientación, titoría e construción da identidade libre de estereotipos de xénero. Plan Proxecta”, de 30 horas de duración. Este curso, de importante traxectoria en materia de igualdade no Plan de Formación e Innovación Docente (PFID), está financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e polo Centro Autónomo de Formación e Innovación.

CURSO DE VERÁN “A MÚSICA COMO RECURSO CURRICULAR EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA”

Lugo, 11-14 de xuño de 2018

O obxectivo deste curso, dirixido pola profesora Ángeles López de la Calle e a profesora M^a Carmen Sarceda Gorgoso, do GI GEFIL, situouse na análise do papel da música na ensinanza, ofrecendo aos futuros mestres/as a ocasión de experimentar e reflexionar sobre como a música pode contribuír ao desenvolvemento formativo discente desde a súa consideración como recurso ao servizo da aprendizaxe nas distintas áreas curriculares.



CONFERENCIA “A APRENDIZAXE-SERVICIO NA UNIVERSIDADE DO FUTURO: CALIDADE E COMPROMISO”

Porto, 15 de xuño de 2018

O coordinador do GI ESCULCA e da Rede RIES, o profesor Miguel A. Santos Rego, foi invitado pola Universidade Católica Portuguesa a pronunciar, na súa sede de Porto, a conferencia “A Aprendizaxe-Servicio na Universidade do Futuro: Calidade e Compromiso”, que tivo lugar no mes de xuño. De igual modo, participou nun coloquio internacional celebrado con profesores e estudantes da mesma universidade.

IX CONGRESO INTERNACIONAL DE PSICOLOXÍA E EDUCACIÓN “PSICOLOXÍA, EDUCACIÓN E NEUROCIENCIAS: CONSTRUÍNDO PONTES PARA O DESENVOLVEMENTO HUMANO”

Logroño, 21-23 de xuño de 2018

Varios membros do GI PED participaron no IX Congreso Internacional de Psicoloxía e Educación (CIPE 2018), con diferentes simposios e comunicacións. Este congreso constitúe un escenario compartido de comunicación científica, debate e aprendizaxe que recolle, interdisciplinariamente, os últimos avances e perspectivas no ámbito do desenvolvemento humano, a neurociencia e a educación da man de científicos, académicos e profesionais relevantes.



CURSO “A ELABORACIÓN DE MATERIAL AUDIOVISUAL COMO FERRAMENTA PARA A DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO”

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2018

A actividade formativa, realizada no marco da Rede RIES, e incluída no Plan de Formación e Innovación Docente da Universidade de Santiago de Compostela, foi impartida pola profesora Lorena Casal Otero, do GI TECNOEDUC, e o profesor Gaspar Boullón, na Facultade de Ciencias da Educación.

ACCIÓNS DA REDE RIES

XX CONGRESSO INTERNACIONAL DE FORMAÇÃO PARA O TRABALHO NORTE DE PORTUGAL/GALIZA "TRABALHO DIGNO, EMPREGO SUSTENTÁVEL E DESENVOLVIMENTO HUMANO: DESAFIOS DA/PARA A FORMAÇÃO"

Porto, 28-29 de xuño de 2018

O GI GEFIL, xunto ao Instituto de Emprego e Formación Profesional de Porto, organizaron o 20º Congreso Internacional de Formación para o Tráballo-Galicia Norte de Portugal subordinado ao tema: "Tráballo digno, emprego sostible e desenvolvemento humano: desafíos da formación", que se desenvolveu os días 28 e 29 de xuño no Auditorio do Conservatorio de Música de Porto.

Este Congreso Internacional, onde a profesora Margarita Valcárce Fernández, do GI GEFIL, impartiu a conferencia "Formación e traballo- ¿lugar(es) de cultura?", realízase, consecutivamente, desde 1999, enfocándose en temas que constitúen fontes de inquietude, debate, reflexión, crítica e divulgación de prácticas e modelos de intervención relacionados coa "Formación para o Tráballo" e tamén sobre traxectorias dos mozos que abandonan prematuramente o sistema educativo, a discusión e o intercambio de ideas e prácticas, a identificación de proxectos innovadores no ámbito da ensinanza, a formación e o emprego de mozos.



CURSO DE VERÁN "MENORES: FAMILIA, ESCOLA E COMUNIDADE COMO EIXOS DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA"

Viveiro, 4-6 de xullo de 2018



Os profesores Miguel A. Santos Rego e Mar Lorenzo Moledo, do GI ESCULCA, dirixiron este curso de verán cos obxectivos de analizar a actual realidade dos menores no marco das transformacións sociais e o seu influxo na formación da personalidade; coñecer o impacto das redes sociais no desenvolvemento e conformación de patróns de actitude e de conduta nos menores e mozos de hoxe; redefinir e orientar a intervención educativa desde eixos claves para a visión do mundo do menor: familia, escola e comunidade; e revisar programas de acción educativa e incluso da súa avaliación efectiva centrados en aspectos e dimensións ligadas ao éxito e/ou ampliación de posibilidades para os menores en risco.

OBRADOIRO "MAPAS INTERACTIVOS (XIS) E MÓBILES PARA A APRENDIZAXE"

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018

A profesora Margarita Valcarce, do GI GEFIL, impartiu o obradoiro "Mapas Interactivos e Móviles para a Aprendizaxe", organizado polo Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e o CPI O Cruce, coa colaboración da Facultade de Ciencias da Educación da USC. Este obradoiro, de carácter práctico e nivel básico, estaba dirixido a docentes e persoas relacionadas coa ensinanza. Entre os contidos principais do curso destaca a introdución ao Sistema de Información Xeográfica (XIS), os dispositivos móbiles e a súa capacidade de localización, a app educativa "PhenoloGIT", a análise e filtrado da información recollida para o traballo na aula, as aplicacións e exemplos de actividades a desenvolver na aula cos datos obtidos, as ferramentas de uso para a aula e o uso do software libre de análise QGIS.

CURSO DE VERÁN "XIV NOVAS FRONTEIRAS NA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES 2.0: XÉNERO-VIOLENCIAS-COEDUCACIÓN-COMUNICACIÓN"

Lalín, 9-13 de xullo de 2018



A profesora María José Méndez Lois, do GI GEFIL, e Celso Taboada Lorenzo, Axente de Igualdade do Concello de Lalín, dirixiron este curso co obxectivo de incrementar a conciencia sobre a violencia de xénero na sociedade civil para non limitar o debate sobre os medios a fin de combater as violencias, así como dar a coñecer e analizar boas prácticas para o desenvolvemento de actuacións igualitarias na escola, revisando ferramentas habitualmente empregadas e analizando novas propostas.

CONFERENCIA INTERNACIONAL "LANDCARE FOR THE FUTURE"

Santiago de Compostela, 16-17 de xullo de 2018

O GI TECNOEDUC, como membro do Proxecto Europeo Erasmus+ "LandCare", dirixido polo profesor Agustín Merino García da Universidade de Santiago de Compostela, organizou a Conferencia "LandCare for the Future" na Facultade de Ciencias da Educación do Campus Vida.

ACCIÓNS DA REDE RIES

CURSO “EDUCATIONAL VIDEO PRODUCTION FOR FLIPPED LEARNING AND MOOCs”

Santiago de Compostela, 16-17 de xullo de 2018

A profesora Lorena Casal Otero, do GI TECNOEDUC, impartiu, xunto a outros membros do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), o curso “Educational video production for flipped learning and MOOCs” dentro da Conferencia Internacional “LandCare for the Future”, celebrada na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela-Campus Vida.

CURSO DE VERÁN “PREPÁRATE PARA A DOCENCIA 2.0”

Santiago de Compostela, 17-20 de xullo de 2018

A profesora Raquel Mariño Fernández, do GI GEFIL, xunto coa profesora Natalia Novoa Torres dirixiron un curso no que se traballou a nivel teórico-práctico a adquisición de habilidades, competencias e destrezas necesarias para executar con éxito os labores de titoría “en liña”, conseguindo proporcionar as ferramentas para facilitar e mellorar a función de titoría.



2º ENCONTRO PEDAGÓXICO: COOPERAR NA AULA PARA O ÉXITO

Vila Nova de Gaia (Portugal), 27 de xullo de 2018

Os profesores Miguel A. Santos Rego e Mar Lorenzo Moledo, do GI ESCULCA, participaron na segunda edición do Encontro Pedagóxico “Cooperar na aula para o éxito”, coa conferencia “A aprendizaxe cooperativa e a escola da actualidade”, que tivo lugar a finais do mes de xullo no Auditorio Municipal de Vila Nova de Gaia.

REUNIÓN DE TRABALLO - REDE DE EXCELENCIA “UNIVERSIDADE, INNOVACIÓN E APRENDIZAXE NA SOCIEDADE DO COÑECEMENTO”

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018

Baixo a coordinación do GI ESCULCA tivo lugar no mes de setembro unha reunión de traballo no marco da Rede de Excelencia “Universidade, Innovación e Aprendizaxe na Sociedade do Coñecemento”, na Facultade de Educación-Centro de Formación do Profesorado da Universidade Complutense de Madrid. En dita reunión participaron, ademais da propia Universidade de Santiago de Compostela, as universidades de Córdoba, Málaga, Navarra, Salamanca, Sevilla e Valencia.



SEMINARIO “APRENDIZAXE-SERVIZO NA ENSINANZA NON UNIVERSITARIA”

Santiago de Compostela, 3-5 de outubro de 2018

O GI ESCULCA organizou, no mes de outubro, a nova edición do Seminario “Aprendizaxe-Servizo na ensinanza non universitaria” na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela-Campus Vida. Esta actividade foi homologada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional como actividade de formación permanente do profesorado.

ENCONTRO RETINDE (REDE TRANSDISCIPLINAR DE INVESTIGACIÓN EDUCATIVA)

Santiago de Compostela, 3-5 de outubro de 2018



Red Transdisciplinar
de Investigación Educativa

O profesor Miguel A. Santos Rego, coordinador do GI ESCULCA e da Rede RIES, xunto á Decana da Facultade de Ciencias da Educación, a profesora Carmen Fernández Morante, do GI TECNOEDUC, participaron no encontro da Rede RETINDE na Universidade das Illas Baleares (Palma de Mallorca). A presenza do coordinador do GI ESCULCA foi en calidade de Presidente do Comité Organizador do XVII Congreso Nacional e IX Iberoamericano de Pedagogía, a celebrar os días 4-5 de xullo de 2020 en Santiago de Compostela.

ACCIÓNS DA REDE RIES

PRESENTACIÓN DO INFORME “DESEÑO DA PROPOSTA PEDAGÓXICA PARA AS ESCOLAS DE TEMPO LIBRE DE GALICIA NO MARCO DO NOVO DECRETO DE XUVENTUDE”

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2018

Os profesores Miguel A. Santos Rego e Mar Lorenzo Moledo, do GI ESCULCA, fixeron entrega a Cecilia Vázquez Suárez, Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia, da proposta pedagóxica do novo Decreto de Xuventude no ámbito das Escolas de Tempo Libre.



VIII CICLO DE CONFERENCIAS DE XÉNERO, ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE

A Coruña, 22 de outubro de 2018

A profesora Myriam Alvariñas Villaverde, do GIES 10, impartiu, na oitava edición do “Ciclo de Conferencias de Xénero, Actividade Física e do Deporte” a conferencia titulada “Ideas para transformar a educación física”, na Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física da Universidade da Coruña.

CONFERENCIAS NO INSTITUTO SUPERIOR DE FORMACIÓN DOCENTE (ISFODOSU)

Santo Domingo (República Dominicana), 22-26 de outubro de 2018

O coordinador do GI ESCULCA, o Prof. Miguel A. Santos Rego, visitou a República Dominicana entre os días 22 e 26 do mes de outubro invitado polo Instituto Superior de Formación Docente de Santo Domingo. Así mesmo, mantivo distintas sesións de traballo con directivos universitarios e pronunciou tres conferencias en distintas institucións de educación superior universitaria.

XORNADA “O AUDIOVISUAL COMO FERRAMENTA DE INCLUSIÓN SOCIOEDUCATIVA”

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2018

O GI ESCULCA, en colaboración coa Comisión de Cultura e Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias da Educación, organizou a Xornada “O Audiovisual como ferramenta de inclusión socioeducativa”, onde interviñeron diferentes profesionais da educación, e no cal se tivo a oportunidade de visionar o documental *Máis ca Vida*, así como a curtametraxe *Vida*, ambos de Rubén Riós.

Esta xornada nace a partir da avaliación realizada polo GI ESCULCA do Proxecto Audiovisual *Vida e Máis ca Vida* no marco das proxeccións escolares promovidas por Afundación.



PRESENTACIÓN DO LIBRO GUÍA PARA A INSTITUCIONALIZACIÓN DA APRENDIZAXE-SERVICIO NA UNIVERSIDADE

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

A finais do mes de outubro, no Salón Reitoral (Colexio de San Xerome) tivo lugar a presentación do libro *Guía para a institucionalización da aprendizaxe-servicio na universidade*, editado baixo a coordinación dos profesores do GI ESCULCA, Miguel A. Santos Rego e Mar Lorenzo Moledo.

XII SEMINARIO NACIONAL DE ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO INMIGRANTE “O CINE E A MÚSICA COMO RECURSOS EDUCATIVOS PARA O DESENVOLVEMENTO INTERCULTURAL”

Santiago de Compostela, 9-10 de novembro de 2018

Un ano máis, desde o GI ESCULCA, organizouse o XII Seminario Nacional de Atención Educativa ao Alumnado Inmigrante. Experiencia e Innovación, que nesta edición versou sobre o cine e a música como recursos educativos para o desenvolvemento intercultural. O Seminario celebrouse na Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida) da Universidade de Santiago de Compostela baixo a organización do GI ESCULCA e a Rede RIES. A actividade foi homologada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional como actividade de formación permanente do profesorado (10 horas).



ACCIÓNS DA REDE RIES



**V CONGRESO INTERNACIONAL EN CONTEXTOS PSICOLÓGICOS, EDUCATIVOS E DA SAÚDE
Madrid, 21-23 de novembro de 2018**

Varios membros da Rede RIES participaron no mes de novembro en dous simposios no marco do V Congreso Internacional en Contextos Psicológicos, Educativos e da Saúde. Por unha parte, coordinado polo Prof. Miguel A. Santos Rego, o Simposio “Mobilidade dos mozos e desenvolvemento de competencias interculturais: unha cuestión de empregabilidade”, e por outra, o Simposio “Que significa falar de éxito educativo. Un desafío parental”, coordinado pola Profa. Mar Lorenzo Moledo.

SEMINARIO “CORPUS E CONSTRUCIÓNS: PERSPECTIVAS HISPÁNICAS”

Santiago de Compostela, 22-23 de novembro de 2018

O GI Gramática do Español organizou no Salón de Graos da Facultade de Filoloxía o Seminario “Corpus e construcións: Perspectivas hispánicas”, onde se abordaron temáticas moi diversas, con asistencia gratuíta e aberta a todas as persoas interesadas.

SEMINARIO FEDRA “PREVENCIÓN, DETECCIÓN E ATENCIÓN A MULLERES EN SITUACIÓN DE DROGODEPENDENCIA DESDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO”

Santiago de Compostela, 27-28 de novembro de 2018

A doutoranda Alba Elena Martínez Santos, do GI TECNOEDUC, xunto coa Fundadeps (Fundación de Educación para a Saúde), coordinou a 3ª edición do Seminario FEDRA “Prevención, Detección e Atención a Mulleres en situación de Drogodependencia desde a Perspectiva de Xénero”, celebrado no mes de novembro na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela (Campus Vida).

KICK OFF MEETING

Praga, 26-28 de novembro de 2018

O GI DIOEP participou, no mes de novembro, no *Kick Off Meeting* do Proxecto Erasmus+ “Crucial Impacts on Career Choices (CICC)” celebrado na cidade de Praga (República Checa), a fin de presentar de maneira global os obxectivos e a programación a cumprir a curto e longo prazo onde, ademais, se presentou o borrador da proposta do plan de difusión das actividades do proxecto, elaborado polo propio GI DIOEP.

CONTORNOS E CONTORNAS. UNHA VISIÓN TRANSDISCIPLINAR SOBRE A ARQUITECTURA

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2018

A Cidade da Cultura de Galicia celebrou o sábado 24 de novembro a primeira edición deste curso, no que profesionais da arquitectura, psicología e pedagogía procuraron crear un clima de reflexión e de propostas en común sobre as melloras a aplicar nos recintos educativos para mellorar a habitabilidade, benestar e o clima de aprendizaxe. Neste curso, participou a profesora Julia María Crespo Comesaña, do GI ESCULCA, e a súa intervención incidiu nas necesidades educativas, procurando achegarse a como son os procesos e elementos que constrúen un ambiente de aprendizaxe.



II EDICIÓ DO CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN FORMACIÓN PEDAGÓXICA E DIDÁCTICA DO PROFESORADO TÉCNICO DE FORMACIÓN PROFESIONAL (EIH3)

Santiago de Compostela, Curso 2018-2019

O GI GEFIL, da Rede RIES, organizou por segundo ano este curso de especialización co obxectivo de ofrecer, a aquelas persoas que pola súa titulación non poidan acceder ao Mestrado de Profesorado en Educación Secundaria, Formación Profesional e Ensinanzas de Linguas, a formación didáctica e pedagóxica necesaria para o desenvolvemento da función docente.

ACCIÓNS DA REDE RIES

II EDICIÓN DO CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN EDUCACIÓN EMOCIONAL (EIH6)

Santiago de Compostela, Curso 2018-2019

O GI GEFIL, da Rede RIES, coordinou de novo, na súa segunda edición, este curso de especialización cos obxectivos de conseguir unha formación especializada (teórica, técnica e práctica) como profesionais da educación e/ou da axuda para poder levar á práctica a educación emocional, así como saber deseñar programas de educación emocional fundamentados nun marco teórico integrador que permitan desenvolver propostas de implementación dos mesmos na práctica.

PREMIOS

IX EDICIÓN DOS PREMIOS Á INTRODUCCIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA DOCENCIA E NA INVESTIGACIÓN

Santiago de Compostela, 2018

As profesoras M^a José Méndez-Lois e Felicidad Barreiro Fernández, xunto coas investigadoras Aixa Permuy Martínez e Milena Villar Varela, conseguiron o III Premio na modalidade de investigación polo traballo “Violencia de Xénero 2.0 en Galicia”, correspondente á IX Edición dos Premios á Introducción da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación, convocados pola Oficina de Igualdade de Xénero da Vicerreitoría de Comunicación, Cultura e Servicios da Universidade de Santiago de Compostela.

ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN

Entre os meses de maio e decembro de 2018, diversos membros da Rede RIES realizaron estadias de investigación en universidades nacionais e estranxeiras:

Investigador/a	Universidade	Período	Institución
Bibiana Regueiro Fernández (GI PED)	Universidade da Coruña	21 de maio-11 de xuño de 2018	Facultade de Formación do Profesorado e Educación da Universidade de Oviedo (Prof. José Carlos Núñez).
Alba Elena Martínez Santos (GI TECNOEDUC)	Universidade de Santiago de Compostela	3 de setembro-3 de outubro de 2018	Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Murcia (Prof. Paz Prendes Espinosa).
Ana Vázquez Rodríguez (GI ESCULCA)	Universidade de Santiago de Compostela	1 de setembro-31 de novembro de 2018	<i>Ontario Institute for Studies in Education, University of Toronto</i> (Prof. Jack Quarter)
Gabriela Míguez Salina (GI ESCULCA)	Universidade de Santiago de Compostela	1 de setembro-31 de novembro de 2018	<i>College of Education, University of Arizona</i> (Prof. Norma González).

PROFESORES VISITANTES

Os profesores Saúl Contreras e Daniel Ríos, da Universidade de Santiago de Chile (USACH), realizaron unha estadia de investigación no Grupo de Investigación GEFIL, entre os días 24 e 28 de setembro de 2018. Durante a súa estadia destacan as visitas realizadas á Facultade de Formación do Profesorado e á Facultade de Humanidades, ambas no Campus de Lugo (máis información: <https://bit.ly/2xLHweq>).

PROXECTOS E CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN

PROXECTO EUROPEO ERASMUS+ “CRUCIAL IMPACTS ON CAREER CHOICES (CICC)”

Programa Erasmus+

Centro Coordinador: Evropská Kontaktní Skupina (EKS) da República Checa.

Institucións participantes: EKS (República Checa), GI DIOEP da Universidade de Santiago de Compostela, University of Derby (Reino Unido), Via University College (Dinamarca), e Sivanidios Public School of Trades and Vocations (Grecia).

Duración: 2018-2021

PRÓXIMOS CONGRESOS


II CONGRESO VIRTUAL INTERNACIONAL E IV CONGRESO VIRTUAL IBEROAMERICANO SOBRE RECURSOS EDUCATIVOS INNOVADORES
Online, 10-14 de decembro de 2018

Neste congreso, que se celebrará totalmente de forma online, debaterase unha ampla diversidade de recursos educativos innovadores, tales como metodoloxías, materiais, estratexias de formación docente, recursos tecnolóxicos, etc. Este evento concíbese como un espazo aberto a profesionais, estudantes e

demais interesados nas múltiples etapas da Educación (Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Superior e de Persoas Adultas), nas súas diferentes manifestacións (educación formal, non formal e informal) e nas diversas áreas que a integran (Organización Escolar, Psicoloxía Educativa, Didácticas Específicas, Métodos de Investigación en Educación, Teoría da Educación, Socioloxía da Educación, etc.). En definitiva, trátase de difundir investigacións, experiencias e propostas cuxo eixe central sexan os procesos de innovación para a mellora educativa, intercambiando, debatendo, reflexionando, xerando sinerxías e nutrindo a teoría e práctica da Educación.

Máis información: <https://congresosalcala.fgua.es/cirei2018/>

SIMPOSIO INTERNACIONAL DE EDUCACIÓN MUSICAL E MATERIAIS DIDÁCTICOS
Santiago de Compostela, 24-25 de xaneiro de 2019

A proposta de levar a cabo este Simposio xorde da necesidade de dar visibilidade ás investigacións educativas acerca dos materiais musicais, desde o grupo de música de IARTEM (*International Association for Research on Textbooks and Educational Media*) e o GI STELLAE (Universidade de Santiago de Compostela), coa finalidade de ofrecer un espazo común para o debate a todo o profesorado e persoal investigador que sente inquietude pola temática. Conta, ademais, coa colaboración da SEM-EE (Sociedade para a Educación Musical do Estado Español), MusiCreate, e de organismos internacionais como o MERYC-EU (*European Network for Music Educators and Researchers of Young Children*) e o *Early Childhood Music Education and Musical Childhood-Mediterranean Forum*.



Máis información: <http://stellae.usc.es/me-dm-symposium/gl/>

Congreso Interuniversitario OIT Sobre el futuro del Trabajo

 Facultad de Ciencias del Trabajo de la Universidad de Sevilla
 7 y 8 de febrero de 2019

CONGRESO INTERUNIVERSITARIO OIT SOBRE O FUTURO DO TRABALLO
Sevilla, 7-8 de febreiro de 2019

A Organización Internacional do Traballo (OIT) impulsou a nivel mundial un amplo debate sobre o futuro do traballo para abordar todas as repercusións no mundo do traballo derivadas dun proceso en continua transformación, con ocasión do Centenario da Organización en 2019.

En xullo de 2016 constituíuse no noso país unha Comisión tripartita co obxecto de promover a Iniciativa do Centenario da OIT sobre Futuro do Traballo. Entre as actividades que impulsa atópase a Iniciativa interuniversitaria de redes e encontros de persoas investigadoras e expertas sobre futuro do traballo, cuxo obxectivo é identificar e relacionar investigadores/as e persoas expertas de Universidades e outras entidades académicas, de estudo e/ou de investigación de España interesados nas temáticas relativas ao Futuro do Traballo.

Máis información: <https://gestioneventos.us.es/24338/detail/congreso-interuniversitario-oit-sobre-el-futuro-del-trabajo.html>

PRÓXIMOS CONGRESOS



2º CONGRESO MUNDIAL DE EDUCACIÓN. EDUCA 2019

Santiago de Compostela, 21-23 de febreiro 2019

Tras o éxito da primeira edición, a Asociación Educa, en co-organización coa plataforma MIAC, organiza o II Congreso Mundial de Educación. EDUCA 2019, entendido como un foro de intercambio de coñecemento e experiencias didácticas entre profesorado e alumnado de todas as etapas educativas e materias.

Son poucas as oportunidades actuais de atoparse nun mesmo evento técnico-científico todo o profesorado que imparte docencia nas diferentes etapas educativas. Quizá unha perspectiva en común poida favorecer as sinerxías e directrices para establecer unha maior calidade educativa e especialmente para coñecerse entre todos, ver como traballan outros compañeiros, achegar ideas, establecer liñas de actuación.

Máis información: <https://www.mundoeduca.org/i-congreso-mundial-de-educaci%C3%B3n/presentaci%C3%B3n/>

13TH ANNUAL INTERNATIONAL TECHNOLOGY, EDUCATION AND DEVELOPMENT CONFERENCE (INTED2019)

Valencia, 11-13 de marzo de 2019



INTED é unha das maiores conferencias internacionais para profesores, investigadores, tecnólogos e profesionais do ámbito educativo, na que se pode participar de forma presencial ou virtual. Despois de 13 anos, converteuse nun evento de referencia no que máis de 700 expertos procedentes de 80 países reúnen para presentar os seus proxectos e compartir o seu coñecemento en metodoloxías de ensino-aprendizaxe e innovacións en tecnoloxía educativa.

Máis información: <https://bit.ly/2zFEIWP>



ECER 2019 "EDUCATION IN AN ERA OF RISK-THE ROLE OF EDUCATIONAL RESEARCH FOR THE FUTURE"

Hamburgo, 2-6 de setembro de 2019

ECER 2019 celebrarase na *Universität Hamburg* de Hamburgo. Como en anos anteriores, a conferencia principal ECER terá unha duración de 3,5 días en lugar de 3 días (Pre-Conferencia: 2 de setembro; Conferencia principal: 3-6 de setembro).

A investigación educativa pode desempeñar un papel fundamental na construción imaxinativa e creativa da nosa educación futura, desde o pasado ata o presente, desde a investigación, a política e a práctica. As tensións entre os intereses en conflito desafían aos investigadores e profesionais da educación por igual, chamados a participar nesta nova edición do ECER.

Máis información: <https://eera-ecer.de/ecer-2019-hamburg/>

IX CONGRESO INTERNACIONAL DE FILOSOFÍA DA EDUCACIÓN CIFE 2019 "PERSPECTIVAS ACTUAIS DA CONDICIÓN HUMANA E A ACCIÓN EDUCATIVA"

Sevilla, 11-13 de setembro de 2019

O Congreso Internacional de Filosofía da Educación ten como obxectivo reunir aos membros da comunidade académica, profesores e estudantes, e a recoñecidos especialistas neste campo procedentes de diferentes países, para debater ao redor de temas educativos de plena actualidade, desde unha perspectiva filosófica.


Esta novena edición, baixo o lema "Perspectivas actuais da condición humana e a acción educativa", pretende recoller un sentir xeneralizado acerca da educación e abrir un espazo de discusión sobre como pode responder a educación ás grandes cuestións que deseñan os elementos centrais dunha existencia humana que busca a plenitude. Profundar nas diversas perspectivas actuais da condición humana e as consecuencias que se derivan para a acción educativa.

Máis información: <https://filosofiadelaeducacion.org/>




NOVIDADES EDITORIAIS


Amilburu, M. G., Bernal, A., e González Martín, M^a R. (2018). *Antropología de la educación. La especie educable*. Madrid: Síntesis.



Chiva-Bartoll, O., e Gil-Gómez, J. (eds.). (2018). *Aprendizaje-servicio universitario. Modelos de intervención e investigación en la formación inicial docente*. Barcelona: Octaedro.




De Palma, R., Verdía, V., Fernández, B., e Sánchez, A. (2018). *La integración sociocultural en Galicia. Políticas y prácticas sobre inmigración*. Madrid: Los Libros de la Catarata.



Aparici, R., Escaño, J. C., e García Marín, D. (2018). *La otra educación. Pedagogías críticas para el siglo XXI*. Madrid: UNED.



Cortés, A., Rodríguez, A., e Val, S. (coords.). (2018). *Estrategias transformadoras para la educación. Una visión para el siglo XXI*. Madrid: Pirámide.



Gavara, J. C. (2018). *La autonomía universitaria. Un reconocimiento constitucional entre la aplicación práctica y la configuración legislativa*. Madrid: Dykinson.



Boqué, M^a C. (2018). *La mediación va a la escuela. Hacia un buen plan de convivencia en el centro*. Madrid: Narcea.



Day, C. (2018). *Educadores comprometidos. Qué son, qué hacen, por qué lo hacen y lo que verdaderamente importa*. Madrid: Narcea.



Gracia, J. (2018). *El desafío ético de la educación*. Madrid: Dykinson.




NOVIDADES EDITORIAIS

Lago, J. R., e Pujolàs, P. (2018). *Aprender en equipos de trabajo cooperativo. El programa CA/AC ("Cooperar para aprender/Aprender a cooperar")*. Barcelona: Octaedro.




Moreno, P. L. (2018). *Educación, historia y sociedad. El legado historiográfico de Antonio Viñao*. Valencia: Tirant Humanidades.



Rué, J. (2018). *Propuestas para un nuevo pacto sobre la educación. El sentido de aprender en la escolaridad del S.XXI*. Barcelona: Octaedro.




Martínez Domínguez, L. M., Gómez Gómez, M., e Romero-Iribas, A. (2018). *Sociedad, familia y educación*. Madrid: Síntesis.




Ovejero, A. (2018). *Aprendizaje cooperativo crítico. Mucho más que una eficaz técnica pedagógica*. Madrid: Pirámide.



Santos, M. A., e Lorenzo, M. (eds.). (2018). *Guía para la institucionalización del aprendizaje-servicio en la universidad*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.




Martínez Gimeno, A., Domínguez Fernández, G., e Álvarez Bonilla, F. J. (coords.). (2018). *La educación social, un ámbito del currículo por construir desde la didáctica y la organización educativa*. Madrid: Síntesis.



Pareja, D., e Leiva, J. L. (2018). *Interculturalidad y cultura de la diversidad en el contexto universitario*. Granada: Comares.



Zabay, M., e Casado, A. (2018). *Todos contra el bullying: claves para detectar, evitar y solucionar el acoso escolar*. Barcelona: Alienta Editorial.



NOVIDADES LEXISLATIVAS

Ofrecemos as novidades referentes á lexislación educativa dos últimos meses, tanto a nivel nacional como autonómico galego. Pódese realizar esta consulta de modo máis extenso e seguir as novidades lexislativas na web da Rede RIES:

http://redries.usc.es/index.php?option=com_content&view=article&id=42&Itemid=38

BOE

Resolución do 26 de abril de 2018, da Presidencia do Consello Superior de Deportes, pola que se publica o Convenio específico coa Fundación Unicef, Comité Español, para a protección do neno, nena ou adolescente no ámbito do deporte. BOE Núm. 114 Xoves, 10 de maio de 2018 Páx. 49255-49257.

<https://www.boe.es/boe/dias/2018/05/10/pdfs/BOE-A-2018-6269.pdf>

Resolución do 30 de abril de 2018, da Universidade de A Coruña, pola que se publica o plan de estudos de Máster en Políticas Sociais e Intervención Socio comunitaria. BOE Núm. 124 Martes, 22 de maio de 2018 Páx. 53538-53540.

<https://www.boe.es/boe/dias/2018/05/22/pdfs/BOE-A-2018-6819.pdf>

Real Decreto 951/2018, do 27 de xullo, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das becas e axudas ao estudo para o curso 2018-2019, e se modifica o Real Decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das becas e axudas ao estudo personalizadas. BOE Núm. 185 Mércores, 1 de agosto de 2018 Páx. 77371-77387.

<https://www.boe.es/boe/dias/2018/08/01/pdfs/BOE-A-2018-10941.pdf>

Orde CNU/841/2018, do 24 de xullo, pola que se fixan os prezos

públicos polos servizos académicos universitarios na Universidade Nacional de Educación a Distancia para o curso 2018-2019. BOE Núm. 187 Venres, 3 de agosto de 2018 Páx. 78247-78263.

<https://www.boe.es/boe/dias/2018/08/03/pdfs/BOE-A-2018-11129.pdf>

Real Decreto 1045/2018, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Educación e Formación Profesional. BOE Núm. 206 Sábado, 25 de agosto de 2018 Páx. 84641-84654.

<https://www.boe.es/boe/dias/2018/08/25/pdfs/BOE-A-2018-11839.pdf>

Resolución do 28 de setembro de 2018, da Secretaría de Estado de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións relativas ao programa de dobre titulación Baharel-Baccalauréat orrespondentes ao curso 2018-2019. BOE Núm. 249 Luns, 15 de outubro de 2018 Páx. 100270-100282.

<https://www.boe.es/boe/dias/2018/10/15/pdfs/BOE-A-2018-14104.pdf>

Orde CNU/1117/2018, do 8 de outubro, pola que se establece a obrigatoriedade de utilizar medios electrónicos para a presentación de solicitudes, as comunicacións e as notificacións no procedemento para a obtención da avaliación da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación e a súa certificación, aos efectos de contratación de persoal docente e investigador universitario. BOE Núm. 257 Mércores, 24 de outubro de 2018 Páx. 103106-103109.

<https://www.boe.es/boe/dias/2018/10/24/pdfs/BOE-A-2018-14585.pdf>

DOG

Resolución do 24 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso ás ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para os/as aspirantes que non cumpran o requisito de titulación. DOG Núm. 86 Venres, 4 de maio de 2018 Páx. 23231-23235.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180504/AnuncioG0164-260418-0001_gl.pdf

Resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 96 Martes, 22 de maio de 2018 Páx. 25226-25254.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180522/AnuncioG0164-140518-0004_gl.pdf

Resolución do 30 de abril de 2018 pola que se publica o plan de estudos do máster universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria. DOG Núm. 97 Mércores, 23 de maio de 2018 Páx. 25575-25578.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180523/AnuncioG2017-100518-0001_gl.pdf

Instrución do 5 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, sobre as actuacións que se realizarán en materia de procedementos de adopción nacional en cumprimento

NOVIDADES LEXISLATIVAS

da sentenza do Tribunal Constitucional 133/2017, do 16 de novembro. DOG Núm. 100 Luns, 28 de maio de 2018 Páx. 26135-26142.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180528/AnuncioG0425-210518-0001_gl.pdf

Orde do 28 de maio de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/19 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 109 Venres, 8 de xuño de 2018 Páx. 28331-28347.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180608/AnuncioG0164-310518-0005_gl.pdf

Resolución do 1 de xuño de 2018 pola que se acorda a publicación do Convenio de colaboración entre as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña para a constitución do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG). DOG Núm. 111 Martes, 12 de xuño de 2018 Páx. 28756-28783.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180612/AnuncioG2018-040618-0002_gl.pdf

Resolución do 12 de xuño de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach), de xeito experimental para o curso 2018/19. DOG Núm. 117 Mércores, 20 de xuño de 2018 Páx. 29814.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180620/AnuncioG0164-130618-0002_gl.pdf

Orde do 15 de xuño de 2018 pola que se actualiza a oferta modular polo réxime de persoas adultas, nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia, de ciclos formativos de grao medio e de grao

superior de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2018/19. DOG Núm. 119 Venres, 22 de xuño de 2018 Páx. 30198-30222.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180622/AnuncioG0164-140618-0001_gl.pdf

Orde do 15 de xuño de 2018 pola que se actualiza a oferta de formación profesional do sistema educativo, polo réxime ordinario, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2018/19. DOG Núm. 119 Venres, 22 de xuño de 2018 Páx. 30223-30253.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180622/AnuncioG0164-140618-0002_gl.pdf

Corrección de erros. Resolución do 1 de xuño de 2018 pola que se acorda a publicación do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, para a constitución do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG). DOG Núm. 121 Martes, 26 de xuño de 2018 Páx. 30847.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180626/AnuncioG2018-190618-0001_gl.pdf

Decreto 68/2018, do 21 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2018/19. DOG Núm. 128 Xoves, 5 de xullo de 2018 Páx. 32291-32303.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180705/AnuncioG0164-270618-0001_gl.pdf

Orde do 9 de xullo de 2018 reguladora do procedemento de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanza non universitarias. DOG Núm. 141 Martes, 24 de xullo de 2018 Páx. 34703-34721.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180724/AnuncioG0164-110718-0001_gl.pdf

Resolución do 3 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o apoio á creación e ao funcionamento das escolas de nais e pais reguladas pola Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. DOG Núm. 150 Martes, 7 de agosto de 2018 Páx. 36529-36532.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180807/AnuncioG0164-240718-0002_gl.pdf

Resolución do 24 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2018/19. DOG Núm. 150, Martes, 7 de agosto de 2018 Páx. 36533-36561.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180807/AnuncioG0164-300718-0001_gl.pdf

Decreto 80/2018, do 21 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Promoción de Igualdade de Xénero. DOG Núm. 154 Luns, 13 de agosto de 2018 Páx. 37482-37620.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180813/AnuncioG0164-090718-0001_gl.pdf

NOVIDADES LEXISLATIVAS

Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG Núm. 154 Luns, 13 de agosto de 2018 Páx. 37621-37786.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180813/AnuncioG0164-020818-0001_gl.pdf

Corrección de erros. Decreto 80/2018, do 21 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Promoción de Igualdade de Xénero. DOG Núm. 155 Martes, 14 de agosto de 2018 Páx. 37920-37921.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180814/AnuncioG0164-130818-1_gl.pdf

Orde do 7 de agosto de 2018 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. DOG Núm. 165 Xoves, 30 de agosto de 2018 Páx. 39569-39587.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180830/AnuncioG0164-170818-0001_gl.pdf

Decreto 131/2018, do 10 de outubro, polo que se crea e se regula o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero. DOG Núm. 201 Luns, 22 de outubro de 2018 Páx. 46562-46585.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181022/AnuncioG0244-161018-0003_gl.pdf

COORDINADOR DA REDE RIES

Dr. Miguel A. Santos Rego

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN**GI 1790 ESCOLA-CULTURA
(ESFULCA)**

Dir. Miguel A. Santos Rego

**GI 1877 GRUPO GALEGO DE
ESTUDOS PARA A FORMACIÓN E
INSERCIÓN LABORAL (GEFIL)**

Dir. Carmen Sarceda Gorgoso

**GI 1468 DIAGNÓSTICO E
ORIENTACIÓN EDUCATIVA E
PROFESIONAL (DIOEP)**

Dir. Elena Fernández Rey

**GI 1438 TECNOLOXÍA
EDUCATIVA (TECNOEDUC)**

Dir. Beatriz Cebreiro López

**GI 1372 GRAMÁTICA DO
ESPAÑOL (GRAMÁTICA)**

Dir. Victoria Vázquez Rozas

**GI DE3 GRUPO DE
INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN,
ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE
(GIES10)**

Dir. Margarita Pino Juste

**GI EN PSICOLOXÍA EDUCATIVA
(PED)**

Dir. Antonio Valle Álvarez

**Contacto:**

Facultade de Ciencias da Educación

Despacho 28 (Módulo A)

Campus Vida

15782 Santiago de Compostela (A Coruña)

<http://redries.usc.es>rederies@gmail.com

Teléfono: 881 813 890

EQUIPO DE REDACIÓN

- Carmela Cambeiro Lourido
- Jesús García Álvarez

Xa estamos traballando en...

- XVII Congreso Nacional e IX Iberoamericano de Pedagogía (Xullo, 2020).
- Estadía de investigación do profesor Leonidas Kyriakides da *University of Cyprus* no GI ESCULCA.
- Cursos de Verán.
- Xornadas sobre Arquitectura Escolar.